

Tribunal cualificador do proceso selectivo para acceso á escala auxiliar, subgrupo C2, convocado por Resolución Reitoral do 15 de xullo de 2021 (DOG do 29 de xullo).

O Tribunal Cualificador do proceso selectivo para o acceso á escala auxiliar da Universidade de Santiago de Compostela, na súa sesión celebrada o día **15 de novembro de 2022**, en relación co cuarto exercicio, ACORDOU O SEGUINTE:

PRIMEIRO: Este exercicio, segundo a convocatoria, cualificarase como APTO ou NON APTO. Será necesario para obter a cualificación de APTO ter 15 respostas correctas do total das 20 preguntas das que consta o exercicio. Lémbrese que, segundo a Convocatoria, este exercicio consistirá *“na realización dunha proba práctica con ordenador, en que se deberá contestar por escrito un cuestionario de 20 preguntas tipo test, máis 5 de reserva, con catro respostas alternativas das que só unha será a correcta, dirixidas a apreciar os coñecementos das persoas aspirantes como usuarias de programas Word para Microsoft 365 e Excel para Microsoft 365.”*

SEGUNDO: As respostas incorrectas non computarán negativo. As preguntas non contestadas, así como aquelas nas que se sinale máis dunha resposta ou non se poida distinguir como correcta a sinalada na folia de respostas en poder do Tribunal, non computan.

TERCEIRO: Infórmase ás persoas aspirantes dos seguintes aspectos relacionados coa organización do exercicio:

- As persoas aspirantes deberán vir provistas de documentación oficial con fotografía, que permita a súa identificación (DNI, pasaporte ou carné de conducir).
- As persoas aspirantes deberán vir provistas de lapis do número 2 e goma de borrar.
- **Non se poderá acceder ás aulas de exame nin ás aulas de agarda con teléfonos móbiles, axendas electrónicas, reloxos intelixentes ou calquera outro tipo de dispositivo electrónico. Non se dispón de ningún tipo de servizo ou depósito para recollida e custodia deste tipo de dispositivos non autorizados.**
- A entrada á proba será de acordo coa orde de chamamento, que **se iniciará ás 11:30 horas para a primeira quenda e ás 12:30 horas para a segunda quenda.**
- **En ningún caso se permitirá acceder ás aulas de exame a aquelas persoas que non estean presentes no chamamento correspondente a súa quenda.**

CUARTO: O Tribunal acorda publicar como Anexo á este acordo a distribución das persoas aspirantes por aulas.

Lémbrese aos e ás aspirantes que o tempo máximo de duración do exercicio será de 40 minutos dende que o Tribunal indique o seu inicio, agás para aquelas persoas que teñan concedida algunha adaptación que supoña ampliación do tempo establecido.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica
A presidenta do Tribunal
Carmen Martí Fernández

Taboleiro Electrónico da USC

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: MARÍA DEL CARMEN MARTÍ FERNÁNDEZ, NIF ***4436**, 18/11/2022 11:44:11.

CSV: 86FB-2261-4308-8048